



CONVENIO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á UNIVERSIDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC).

En Lugo, █ de █ de 2018

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Darío Campos Conde, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, don Álvaro Santos Ramos, deputado delegado da Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais en virtude de delegación de sinatura aprobada por Resolución de data 24 de febreiro de 2017.

E doutra don Antonio López Díaz con NIF: 76565571-C, na súa condición de representante, actúa en nome e representación da Universidade Santiago de Compostela (USC), en adiante entidade beneficiaria, con CIF:Q-1518001-A, e con sede social en Edificio CACTUS, Campus de Lugo 27002, Lugo, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Ante don Cristóbal Víctor Fraga Bermejo, como secretario da Deputación Provincial de Lugo.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio.

MANIFESTANDO

Primeiro: Que no orzamento da Deputación de Lugo, para o ano 2018, consta subvención nominativa a favor da Universidade Santiago de Compostela (USC), prevista na 5.1-a), titulada "Turismo" (Subvencións directas nominativas) do Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación 2017-2019.

Segundo: Que a Presidencia da Deputación, mediante Decreto de data 16 de xullo de 2018, prestou aprobación ao presente convenio que regula a subvención de 40.000,00 € para conceder á Universidade Santiago de Compostela (USC), co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado "Actuacións e desenvolvemento de actividades micoturísticas no xeodestino Ancares-Courel", no ano 2018, atopándose incluída como subvención nominativa no Orzamento da Deputación para 2018.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscripción do presente convenio na aplicación orzamentaria 4320.48900, polo importe de 40.000,00 €.

Cuarto: A beneficiaria ten aportado a documentación acreditativa da súa condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei xeral de subvencións.

E baseándose en tales antecedentes ambas as dúas partes consideran oportuno establecer este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.-Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo coa finalidade de que o organismo provincial subvencione cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados do proxecto denominado "Actuacións e desenvolvemento de actividades micoturísticas no xeodestino Ancares-Courel", no ano 2018.



Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada e gastos subvencionables

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da actuación ascende á cantidade total de 42.400,00 €, de acordo co presuposto achegado.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito proxecto non implica relación laboral ningunha entre estes traballadores e a Deputación, polo que non lle poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade.

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

Da Deputación:

- Subvencionar a actividade cunha cantidade de 40.000,00 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o cinco por cen da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, procederase á redución da parte proporcional da achega económica provincial.
- A Deputación Provincial queda autorizada, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actividade subvencionada e a súa condición de financiadora.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Da entidade beneficiaria:

- Á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a efectividade das actividades para desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta da entidade beneficiaria.
- Queda obrigada a incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitarllos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Tamén deberán comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación.
- Terá dereito a percibir o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada, previa a xustificación que despois se dirá, sen prexuízo da posibilidade de pagamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan no anexo I deste convenio.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cento do importe da actividade subvencionada debendo cumprir as determinacións legais e regulamentarias, entre outras as que se fan constar no anexo II deste convenio.

Cuarta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo



que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.

Quinta.- Promoción da actuación subvencionada

A entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de uso da lingua galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sexta.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou actividade, a entidade beneficiaria deberá xustificar a realización da finalidade da actividade subvencionada, como máximo o 31 de marzo de 2019. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e, no caso de ter solicitado anticipo, ao reintegro da cantidade aboada en concepto de anticipo, así como as demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. O incumprimento deste prazo adicional dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións e demais normativa de aplicación.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.) e na Base 24 das do orzamento xeral vixente. Recolléndose no Anexo III do presente convenio a documentación correspondente á xustificación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Procederá o reintegro dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigacións establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación.

Sétima.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Oitava.- Publicidade das subvencións outorgadas

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvención de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.



Novena.- Vixencia do convenio

A vixencia do convenio durará ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2018, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo os asinantes poderán acordar a prórroga do convenio, por razóns excepcionais e xustificadas, por un tempo adecuado o motivo desta, ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar e das obrigas que como contratante lle incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.

Décima.- Carácter do convenio

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase, ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, nas bases de execución do orzamento xeral da Excma. Deputación Provincial e no plan estratéxico de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo para as anualidades 2017, 2018 e 2019.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 4 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, acompañados dos anexos de referencia e para un só efecto en lugar e data *ut supra*, ante min secretario que dou fe.

O Presidente,
P.D. Decreto n.º 0402/2017, de data 24-02-2017
O Deputado Provincial

O representante da entidade

Álvaro Santos Ramos

Antonio López Díaz

O secretario xeral

Cristóbal Víctor Fraga Bermejo



ANEXO I

Anticipos

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 80% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 32.000,00 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da entidade beneficiaria que obra no expediente.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 09 de xullo, Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social.
3. Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.
5. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativos da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.



ANEXO II

Subcontratación

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites da LXS e RLXS.

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cen do importe da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumentando o custo da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida aos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS (que o contrato se celebre por escrito e que o mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo).

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

A subcontratación da actividade subvencionada non poderá ser concertada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1. Que estean incursas nalguna das prohibicións establecidas na lei Xeral de Subvencións.
2. Que teña percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
3. Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
4. Que estean vinculadas co beneficiario.
5. Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda o custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a) o beneficiario será responsable do cumprimento do obxectivo, de executar o proxecto, de realizar a actividade ou de adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, quen asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración (art 29.5 da LXS).



ANEXO III

Xustificación da subvención

GASTOS SUBVENCIONADOS

Consideraranse gastos subvencionados, aqueles que, de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se fagan durante o ano 2018. Cando non se estableza un prazo concreto, os gastos deberán realizarse antes de que finalice o ano natural no que se concedeu a subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custo total da actividade subvencionada.

GASTOS REALIZADOS

Son gastos realizados, e por tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, ou á súa prórroga, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pago.

A entidade beneficiaria deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. Dita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo até a súa total liquidación e extinción. Non se aboará a subvención si o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- ☐ Solicitud debidamente cuberta.
- ☐ Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.
- ☐ Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
 - ☐ Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.

Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.



No caso de relacionarse nóminas deben vir detallados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se lle imputen á Deputación de Lugo.

- ☐ Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario da entidade beneficiaria acreditando:
- ☐ O custo total da actividade subvencionada soportada pola entidade beneficiaria, indicando os importes do financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).
 - ☐ Que a relación dos gastos da actividade subvencionada atópase executado, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
 - ☐ Que a acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
- ☐ Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaeceran entre o presuposto estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- ☐ Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- ☐ Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- ☐ Declaración responsable na que a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social.
- ☐ Declaración responsable de que a entidade beneficiaria asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- ☐ Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
- ☐ Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- ☐ No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, así como as restantes determinacións da lexislación vixente en materia de subvencións.
- O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non estea ao corrente en cumprir as súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- (En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).